

BASES DO I CONCURSO DE CARTAS DE AMOR DO CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL

Obxectivos do concurso regulado nestas bases:

Os fins son fomentármola creación e difusión literaria, alentármola creatividade escrita da nosa poboación (sobre todo daquela máis nova) e crearmos novas actividades e espazos para a cultura no ámbito das letras.

Por todo o anterior, as concellarías da Mocidade e da Cultura, en colaboración mutua, convocan o I Concurso de Cartas de Amor en Galego do Concello da Pobra do Caramiñal, conforme as bases reguladoras que se expoñen a seguir:

1.^a - Poderán participar neste concurso aquelas persoas maiores de 14 e veciñas do municipio, nas seguintes categorías de idades: de 14 a 20 anos, categoría xuvenil; a partir dos 20 anos, categoría adulta.

2.^a - O tema das cartas será o amor. As cartas poderán ser dirixidas a destinatarios/as reais ou ficticios/as. As cartas deberán ser textos inéditos e que non fosen premiados ou publicados con anterioridade en ningún medio, nin redes sociais.

3.^a - As cartas deberán estar escritas en lingua galega.

4.^a - Os traballos deberán ter unha extensión mínima de 1 folio e un máximo de 4 folios A4 no formato Word, coa letra Arial do número 12 e cun espazo entre as liñas do tipo 1.5. Levarán un título e irán asinadas cun pseudónimo. Como máximo pódese presentar unha carta por participante.

5.^a - As cartas poderanse presentar de seguinte maneira:

- Polo correo electrónico ó seguinte enderezo:
concursocartasdeamorpobra@gmail.com

No correo electrónico anexarase dous PDF:

- A) Un co nome “carta” e mailo título da carta que se presenta ao concurso e a categoría á que se opta.
- B) Outro cos datos persoais e mailo título da carta presentada. Anexando tamén unha copia do DNI da persoa participante.

6.^a - O prazo de admisión comezará no 23 de xaneiro e rematará no mércores 7 de febreiro de 2024. O conxunto das obras presentadas, ata un máximo de 40, será publicado nunha edición especial que fará o Concello da Pobra do Caramiñal.

7.^a - Os premios para a categoría xuvenil será un Iphone e para a categoría adulta unha noite nunha casa rural e unha cea para dúas persoas.

8.^a - O xurado será designado polas concellarías da Mocidade e da Cultura, e estará formado por persoas vinculadas á comunicación e á literatura. O ditame do xurado será inapelable.

9.^a - Os criterios de valoración dos traballos serán a súa orixinalidade, a calidade literaria, a estética na composición e na expresión, e maila variedade léxica e expresiva, así como a coherencia co tema exposto.

10.^a - Estas bases publicaranse na páxina *web* do Concello, www.apobra.gal

11.^a - Tódalas cuestións non recollidas nestas bases e que poidan xurdir durante o proceso e tramitación do concurso serán resoltas polo xurado.

A Pobra do Caramiñal, na data da sinatura dixital